

Subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia Bono consolida economía social

TR802L

Obxecto

Apoiar a consolidación das entidades da economía social de Galicia co fin de remediar a grave perturbación que na economía galega provocou o brote da COVID-19, facilitándolles acceso á liquidez e protección fronte a outros prexuízos económicos significativos que xurdisen por mor da COVID-19 mediante liñas de axudas que, con especial incidencia na transformación dixital, melloren a súa actividade económica, incrementen a súa competitividade e, en definitiva, manteñan empregos de calidade.

Entidades beneficiarias e requisitos

As sociedades cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción e centros especiais de emprego previstas no artigo 6 da Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, que cumpran os seguintes requisitos:

1. Figurar inscritas como tales nos correspondentes rexistros administrativos da Comunidade Autónoma de Galicia
2. Ter presentadas as contas anuais do último ano no Rexistro Mercantil, no Rexistro de Cooperativas ou no Rexistro de Fundacións, segundo corresponda á súa forma xurídica. No caso de centros especiais de emprego que teñan forma xurídica de asociación, deberán ter aprobado o balance e conta de resultados pola súa asemblea xeral.
3. Acreditar unha antigüidade de 42 meses na data de solicitude.
4. Ter a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
5. Estar ao día no pagamento das súas obrigas tributarias e da Seguridade Social.
6. Non ter sido sancionadas mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións.

Liñas de axuda

a) Liña 1. Transformación dixital da entidade

1. Plan de uso das novas tecnoloxías no negocio e/ou de optimización da produción.
2. Equipamento informático.
3. Adquisición e desenvolvemento de software e páxinas web.

b) Liña 2: Profesionalización e desenvolvemento estratéxico co apoio de servizos externos especializados, que impliquen novos métodos de organización, melloras nas rutinas e procedementos de xestión do traballo.

1. Investigacións de mercado e análise de potencial competitivo.
2. Plan de márketing, de comunicación ou de relanzamento comercial.
3. Plan de futuro e de mellora do negocio.
4. Plan de mellora da xestión financeira
5. Plan de integración empresarial ou de actuación conxunta
6. Análise de cumprimento normativo e riscos legais.
7. Obtención de certificacións de calidade
8. Creación e desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade

c) Liña 3: Mellora da competitividade empresarial a través de investimentos comúns.

1. Adquisición de equipamento.
2. Reforma do local do negocio.
3. Mobiliario.

Contía das axudas

A contía da axuda será equivalente ao 80 % do custo total dos gastos subvencionables, cos límites seguintes:

- **10.000 €** para os gastos incluídos na **liña 1** (transformación dixital).
- **5.000 €** para os gastos incluídos na **liña 2** (profesionalización e desenvolvemento estratéxico).
- **5.000 €** para os gastos incluídos na **liña 3** (investimentos comúns).

O límite máximo das axudas establécese en 20.000 € por cada solicitante.

Documentación

Solicitud de tramitación en liña

1. Relación de conceptos e orzamentos para os que se solicita subvención, segundo o modelo publicado na páxina web da Consellería de Emprego e Igualdade, na ligazón: <https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego>, en formato editable.
2. Cando se actúe mediante representación, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da persoa representada, agás inscrición no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia e o Rexistro autonómico de persoas titulares de determinados órganos ou cargos.
3. No caso de estar realizado o servizo ou feito o investimento, facturas e o seu correspondente xustificante bancario de pagamento; de non ser así, orzamento ou factura proforma.
4. Certificación acreditativa de ter depositadas no rexistro correspondente ou aprobadas pola asemblea xeral, segundo corresponda, as contas anuais do último exercicio (agás no suposto das cooperativas, o cal se comprobará de oficio).
5. No caso de solicitar as axudas da liña 2, acreditación do CNAE (Clasificación nacional de actividades económicas) no que está clasificada a entidade prestadora do servizo, a fin de determinar a idoneidade para a súa prestación.

Lugar

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Prazo

finalizará o 30 de setembro de 2021.